

ACTA NÚMERO 4

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

**727/2023_ ABERTO SIMPLIFICADO - PASS_PAVIMENTACION VIAL EN
BRAÑO (O FREIXO)**

Data e hora de celebración

Dez de xuño de 2024, 14:00 horas

Lugar de celebración

Sala de reunión da Casa do Concello de Outes

No lugar e data sinalados, constitúese a Mesa de Contratación deste procedemento de licitación, cos seguintes **Asistentes:**

PRESIDENTA: Da. Sofía Pérez Figueira

VOGAIS:

- Da. Clara Ortega Fernández, secretaria da Corporación
- Da. Manuel Barcia Vázquez; interventora do Concello.

SECRETARIO: D. Andrés Busto Allo

Os actos de “apertura e valoración de los criterios evaluables automáticamente”, e os actos de “propuesta de adjudicación” das licitacións que a continuación se explicitan, celébranse no lugar na sesión debidamente convocada por medio da Plataforma de Contratación del Sector Público “PLACE” (**data 09.04.2024**), suspendida e reiniciada debidamente, debido á complexidade do procedemento.



DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

A mesa de contratación procede a:

1º.- Comprobar a documentación previa á adxudicación requirida ao licitador Construcciones J. Mauri e Hijos S.L. , segundo acordo desta Mesa de data 27.05.2024.

Con data 31.05.2024 (registro de entrada n.º: 2024-E-RE-802), o licitador Construcciones J. Mauri e Hijos S.L. presenta a xustificación previa á adxudicación requirida.

Da comprobación da documentación presentada, resulta o que segue:

O licitador acredita documentalmente a estabilidade no emprego mediante o modelo ITA da Seguridade Social, o cal concorda coa a oferta presentada no seu día.

Do mesmo xeito acredita axeitadamente os medios materiais e persoais para a execución destas obras. Faise constar que a acreditación de medios materiais e persoais consta tamén a da empresa Construcciones Ponciano Nieto S.L., xa que o adxudicatario provisional, Construcciones J. Mauri e Hijos S.L., comunicou na presentación da súa oferta recurrería a outras empresas para este fin.

Consta tamén a constitución da garantía complementaria mediante formalización de aval bancario coa entidade Abanca Corporación S.A.

Consta tamén a existencia de plan de igualdade na empresa e o certificado de inscrición no Rexistro de Contratistas do Estado (ROLECE).

Incorpórase tamén ao expediente o Certificado de inscrición da empresa Construcciones J. Mauri e Hijos S.L. no Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia o cal tamén acredita que éste se atopa ao corrente coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA). Do mesmo xeito, consta tamén que o licitador proposto para adxudicación se atopa ao corrente nas suas obrigas coa Segurida Social e a Axencia Tributaria estatal.

Polo tanto, a mesa de contratación por unanimidade, ACORDA:

PRIMEIRO.- *Requirir ao licitador Construcciones J. Mauri e Hijos S.L. para que presente na Tesouería do Concello de Outes o aval formalizado como garantía complementaria para o cumprimento deste contrato.*

SEGUNDO.- No caso do cumprimento do requirido no punto anterior, Propoñer como adxudicatario definitivo deste contrato ao licitador *Construcciones J. Mauri e Hijos S.L*



A presidenta declara rematado este acto, ás 14:30 horas, no lugar e data sinalados no encabezamento, do que como secretario, dou fe.

A presidenta

Da. Sofía Pérez Figueira

O secretario

D. Andrés Busto Allo

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

